


CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno, na sesión ordinaria celebrada o 22 de febreiro de 2018, aprobou por asentimento a modificación do "Acordo do Consello de Goberno do 27 de abril de 2012, sobre o procedemento de concesión do premio extraordinario de grao e máster", introducindo no texto achegado a redacción seguinte: "Queda excluído o alumnado que acade a titulación superando máis dun terzo das materias de dita titulación por cursos ponte ou por recoñecemento, adaptación ou validación de estudos".

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, a 28 de febreiro de 2018, co Vº e Prace do sr. reitor.

Vº e prace
O reitor



Juan M. Vieño Rey



MODIFICACIÓN DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO, DO 27 DE ABRIL DE 2012, SOBRE O PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DO PREMIO EXTRAORDINARIO EN GRAO E MASTER

Por acordo do 27 de abril de 2012 o Consello de Goberno aproba o procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e máster.

Con data 26 de outubro do mesmo ano, e co fin de solventar dúbidas sobre o devandito procedemento, a Secretaría Xeral dita a Instrución 15/2012, sobre procedemento de concesión do premio extraordinario en grao e Máster.

Na citada Instrución se considerou que dentro do concepto de “estudantes que superasen os estudos no prazo de duración establecido para a titulación” non podían considerarse a aqueles alumnos que se lles recoñecera ou validara gran parte dos seus estudos, polo que se incluíu que non podían ser beneficiarios do premio o alumnado que teña acadada a titulación a través de cursos ponte ou por adaptación ou validación de estudos.

Non obstante o anterior para maior seguridade xurídica é necesario engadir a dita exclusión no propio “Acordo sobre o procedemento de concesión do premio extraordinario en Grao e Máster”.

Procede así a súa modificación no seguinte senso:

ÚNICO.- Modifícase o artigo 2.2 do “Acordo sobre o procedemento de concesión do premio extraordinario en Grao e Máster” quedando redactado do seguinte xeito:

“2. Os destinatarios do premio extraordinario serán os estudantes de Grao ou Máster que superen os estudos no prazo de duración establecido para a titulación, e que teñan a máxima cualificación da súa

promoción conforme o sistema de valoración de expedientes fixado en cada momento. Queda excluído o alumnado que acaden a titulación superando máis dun terzo das materias de dita titulación por cursos ponte ou por recoñecemento, adaptación ou validación de estudos. Na valoración dos estudos se incluirán todas as materias superadas, incluído o traballo de fin de grado (TFG) e o traballo de fin de máster (TFM)”.

DISPOSICIÓN FINAL

Este acordo entrará en vigor na data de publicación no taboleiro electrónico.